

Orgullo mariñán

Adrián García Salgueiro
Presidente do Club de Coches Clásicos de Viveiro

«Revalorízanse os coches clásicos»

Este sábado celebran o I Rally de Coches Clásicos entre Viveiro, Oourol e O Vicedo

YOLANDA GARCÍA
VIVEIRO / LA VOZ

Este sábado toca clásicos en Viveiro. Non falamos nin de música, nin de arte, nin de literatura... senón de clásicos sobre rodas. Catro. Á cidade do Landro, tamén a Oourol e O Vicedo, municipios limitrofos, chegará o I Rally Coches Clásicos de Viveiro, organizado polo non obstante novo Club de Coches Clásicos de Viveiro que naceu en xuño do ano pasado. «Aínda non ten un ano...» di o seu presidente, Adrián García Salgueiro. Por certo, ten bastante menos idade que o seu coche clásico, un modelo Seat 124 do ano 1972.

—**Cantos socios hai no club?**
—Socios, sobre 47.
—**Unha pregunta moi ao ffo do 8-M. Deles, cantas son mulleres?**
—Socias debe haber cinco.

—**Que vos animou a crear o club?**
—O que nos animou foi a paixón polos coches clásicos. Decidimos fundalo entre sete, que somos os que estamos na directiva.

—**Que entendemos por «coche clásico»? Que entra na etiqueta?**
—Segundo a Lei de Tráfico, considéranse coches clásicos os de máis de 25 anos pero iso estaba a punto de cambiar. Ían cambiálo para máis de 30 anos.

—**Normal, o parque automobilístico está cada vez máis vello.**
—Si. Entran, ademais de coches, motos. Os que temos os da directiva teñen todos máis de 40 anos.

—**Ás veces din que funcionan mellor os de antes que os de agora. Como os electrodomésticos.**
—Algúns destes, mellor que os de agora. A gran maioría están aptos para circular e en moi boas condicións. Téñenos impecables, aínda que se oxidan menos os novos porque teñen un tratamento na chapa distinto.

—**Precisan moitos mimos?**
—Eu teño un Seat 124 do 1972. Fágolle os coidados básicos, como



O viveirense Adrián García Salgueiro, á dereita, e Juan Varela, tamén organizador. PEPA LOSADA

DNI. Viveiro, 1990.
O Rally. Vaise celebrar este sábado 5 entre Viveiro, Oourol e O Vicedo.
O club. Naceu en xuño do ano pasado. 47 socios.

lavallo para que non se acumule a sucidade, enceralo, limpallo ben por dentro, revisalo mecanicamente...

—**Lávao a diario?**
—Lavallo, cada vez que saio a levalo dar unha volta. Normalmente, cando chove moito non o saco. No verán, máis.
—**Coidado coas gaiotas!**
—Nada, cando lle caga a gaiota... lavallo tamén! O coche está metido no garaxe.

—**Unha vez fun nun clásico descapotable inglés vermello, con pano na cabeza e todo. E era inevitable que os peóns non mirasen...**
—É como unha viaxe ao pa-

sado. Hai que contar con que as marchas entran máis duras, o embrague e o acelerador non son como os de agora, non é tampouco que free en tan pouca distancia como os de agora...

—**E o valor deses coches?**
—Pois un 124 en boas condicións... uns 9.000 ou 10.000 euros.

—**Tiña entendido que cando mercas un coche, ao día seguinte xa vale menos...**

—Os coches clásicos estanse revalorizando nos últimos dous anos. Hai xente que quere mercar un para ir ás concentracións. Hai modelos, como o 124 Sport, falando de atopar un que estea ben, de 13.000 a 15.000 euros. Hai nos que para reparar están máis baratos, ao mellor 3.500 euros, pero tes que gastar máis en restauralo e acabas chegando á cifra dun restaurado.

—**Debe ser esta onda que hai «vintage». Volven os vinilos, a moda dos 80-90, os álbums de**

fotos pegadas...

—Pode axudar bastante, si. Hai xente que quere volver ao de antes.

—**Como será o rally?**

—Non é competición. É un rally de regularidade. Os coches teñen que ser regulares en velocidade, non poden exceder de 50 quilómetros por hora. Márcase un percorrido de 185 quilómetros. Deses, 140 márcanse a velocidades medias ás que teñen que ir, dende 28 ata 49,9. Son estradas secundarias e de pouco tráfico, por Viveiro, Oourol e O Vicedo. Os participantes vanse reagrupar en Viveiro.

—**A ver se algún condutor protesta. É broma...**

—Onde hai máis tráfico inténtase meter a media alta.
—**Ben, non lles pilla o radar.**
—(Ri) Non creo, aínda que creo que hai algunha zona delimitada a 20.

ARRIBA O PANO!

Puro teatro

Na ponte do 1 de maio tivemos o privilexio de ir ver a aqueles que traballan en festivo.

De luns a domingo. Si.

Porque o teatro é un traballo, si.

Moitos tentan vivir del.

De Vigo a Ribadeo, do musical ao infantil, dos «microthrillers» ás «microimprovisacións integrando á vila de Ribadeo».

Marabilla de creadores, actores, produtores galegos.

A estrea da *Familia Adams* chegou a Vigo da man dun dos profesionais máis recoñecidos no sector a nivel nacional, oriúndo de Foz.

Piti Alonso trouxo o musical ó máis puro estilo Broadway a Vigo.

Na Coruña, os señores Touriñán e Blanco fixéronnos rir a escachar «como galeg@s» facendo un análise de delirantes delitos con denominación de orixe.

Micro-historias que «nos definen» CRIMINAIS!

Ribadeo, Os COLECCIONISTAS levaron a escena ó Alcalde, ó meu Celeiro de Mariñaos, a ría, a historia do ARTE, a técnica Impro...

Traendo ó presente a base da *commedia dell'arte* italiana (s. XVI) onde a improvisación libre dos actores era privilexio esencial.

Entre gargalladas o público pediu bis.

O teatro infantil educa na cultura a futur@s gobernantes, futur@s médicos, futur@s mestres...

AGURATRAT de Pérez & Fernández. Fiesta indiscreta de Hitchcock para nenos de primaria no teatro Colón. Onde sentímonos «diferentes amores» cunha selección musical dun mundo naif poético e cheo de empatía.

Esta columna é para agradecerlles o seu traballo, que sigan sendo valentes e apostando polo teatro nas súas múltiples fórmulas que nos achegan ó noso público en Galicia.

En Galicia hai teatros. En Galicia hai espectáculos: UN POBO SEN CULTURA É UN POBO EXPLOTADO, dicía Machado.

Estibaliz Veiga é actriz.

Toda la información local en tu dial

Voces de A Mariña

De lunes a viernes de 11.00 a 12.00 h
con Félix Jorquera y María José Fernández Azpeitia



LA RADIO DE AQUÍ

VIVEIRO 88,5 FM
RIBADEO 102,3 FM